

DE COUSAS (E CAUSAS) XUSTAS A PROPÓSITO DE ANDREA LÓPEZ CHAO

María Xosé Porteiro

Xornalista e Escritora

A historiadora feminista Aurora Marco recolle da testemuña da pedagoga María Barbeito a afirmación de Concepción Arenal de que “as cousas xustas que empezan por desexarse rematan por conseguirse”¹ e nesta celebración en Mondoñedo estamos a confirmar esa súa clarividente ollada.

É preciso remitirse á colocación no Cemiterio Vello de Mondoñedo, en 2021, dunha placa co nome de Andrea López Chao. Dela pouco máis se sabía ca o seu paso polo Plantel de ensinanza do Centro Galego da Habana e algunha referencia ao seu vínculo con *Hijas de Galicia*. En 2022, co gallo do 8 de marzo, a concellería de igualdade promoveu unha xornada sobre *Hijas de Galicia* na que, logo da proxección do documental “Macorinas”² fun convidada a falar deste asunto. Na miña intervención destaquei o rol primordial dunha muller que tivera un papel dunha relevancia moito maior do que se lle recoñecía. Daquela, co entusiasmo de Luís Fernández Ansedes e a anuencia das concelleiras presentes, convocamos ao pobo de Mondoñedo para que se traballase na recuperación da súa memoria. Aquel rogo foi atendido e hoxe merece Mondoñedo, como patria súa, o mérito de desenvolver esta tarefa necesaria de incorporar a ollada feminista como clave para comprender as transformacións sociais, e en algo tan urxente, e xusto, como alumear o papel das mulleres no legado migratorio da galegitude.

Apenas dous anos e medio despois daquelas iniciativas, hoxe, co esforzo colexiado das institucións, investigadores e persoas que a título individual se implicaron nesta tarefa, estamos nun encontro que consegue poñer de acordo a instancias distantes no tempo e no espazo. É o caso das sociedades galegas en Cuba, representadas pola súa presidenta, Juana Caridad Fernández, a Cátedra galega da Universidade da Habana, coa súa presidenta á fronte, Arantxa Fernández Crespo, a propia bisneta da homenaxeada, Patricia Ares, figuras eminentes da historiografía galega e cubana como a Académica de honra da Academia de Historia de Cuba, Pilar Cagiao, ou o vicepresidente do Consello da Cultura galega, Xosé Manoel Núñez Seixas, mais representantes do Concello, Xunta e Consello da Cultura, convocados todos nestas XVI Xornadas Abrindo Camiño para homenaxear, debidamente, a Andrea López Chao.

¹ Marco, A. (2007). María Barbeito. *Álbum de Mulleres*, Consello da Cultura Galega. (<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=81>)

² Lois Santiago, Xosé (Dir.) e Naveira, Fran (Dir.) *Hijas de Galicia* (<http://ficviaxiv.com/es/hijas-de-galicia-macorinas-un-documental-que-cuenta-la-historia-de-una-parte-de-la-emigracion-femenina-gallega-emigrada-a-cuba-se-proyectara-en-el-marco-del-fic-via-xiv/>)

Este evento marca, xa que logo, o comezo dun fito histórico na medida en que, arredor da figura de Andrea López Chao, están confluindo unha mancha de investigacións centradas non só na súa vida persoal, da que temos cada vez máis información como ben nos contan Antonio Reigosa, ou a xornalista cubano-galega, Violeta Ramos que investiga en Galicia e na Habana todo o posible para facer o primeiro documental sobre Andrea, senón sobre a ideoloxía e o contexto político e social no que se chanta a súa actuación ata converterse no vínculo entre o pensamento ilustrado, precursor e krausista de Concepción Arenal e o posterior labor desenvolvido en Galicia pola pedagoga Antía Cal.

Antecedentes

Van xa vinte anos que sigo un asunto que coñecín en 2003 cando o historiador cubano, Julio César González Pagés, publicaba a mellor e maior investigación feita, ata hoxe, sobre *Hijas de Galicia*³. Nela falaba sucintamente de Andrea López Chao, mais foi abondo para espertar o interese por ela. En 2010 envieille esta información a Pilar Pin, daquela Secretaria Xeral da Cidadanía Española no Exterior, que promoveu a reedición deste libro ao tempo que organizaba unha importante actividade divulgativa en Cuba. Tamén o compartín con Margarita Ledo, que se inspirou nesta historia para a súa película *A cicatriz branca*. En maio deste ano o Álbum de Galicia do Consello da Cultura encargoume unha ampla recensión sobre a sociedade, o hospital e o balneario⁴, mais xa en novembro de 2019, cando o V centenario da fundación de La Habana, no Consello organizamos o congreso “A Habana Galega, historia e memorias cruzadas”⁵ no que participou González Pagés no panel de expertos para falar de *Hijas de Galicia*. Con anterioridade, foron aparecendo informacións sobre Andrea López Chao da autoría de Prudencio Viveiro Mogo⁶, Martín Fernández Vizoso⁷ ou Antonio Reigosa.⁸

³ González Pagés, J. C. (2003). *Emigración de mujeres gallegas a Cuba. Las Hijas de Galicia*. Vigo: Concello.

⁴ Porteiro García, M. X. (6 de xuño de 2023). *Hijas de Galicia - Concepción Arenal. Álbum de Galicia*, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=34644>). Recuperado o 14/08/2023.

⁵ Núñez Seixas, X. M. e Porteiro García, M. X. *A Habana galega: Historia e memorias cruzadas* (http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_ac_2019_congreso-A-Habana-Galega-def.pdf)

⁶ Viveiro, P. (2007). Andrea López Chao, unha mestra galega na emigración. *Álbum de Galicia*, Consello da Cultura Galega (<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=86> //); Viveiro, P. (27 de xaneiro de 2023). Andrea López Chao. *Álbum de Galicia*, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=2255>). Recuperado o 14/08/2023.

⁷ Fernández Vizoso, M. (6 de maio de 2018) https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2018/05/06/andrea-l-chao-maestra-mondonedo-i-congreso-mujeres-cuba1923/0003_201805X6C6994.html

⁸ Reigosa, A. (26 de maio de 2019). Andrea López Chao, unha mestra mindoniense pioneira do feminismo en Cuba *Caderno de Campo*. (<http://cadernodeantonioreigosa.eu/2019/05/andrea-lopez-chao-unha-mestra-mindoniense-pioneira-do-feminismo-en-cuba/>); (2023) Andrea López Chao (I) (<http://cadernodeantonioreigosa.eu/2023/06/andrea-lopez-chao-i/>) e (2023) Andrea López Chao (II) (<http://cadernodeantonioreigosa.eu/2023/06/andrea-lopez-chao-e-ii/>)

Contexto político e económico

Andrea López Chao chega a La Habana a principios do século XX, cando Cuba xa non é territorio español e xa non existe unha cidadanía compartida entre as xentes de aquí e de alá. Só cinco anos antes, as galegas e galegos podían circular entre a illa e Galicia sen precisar trámites migratorios. Non é unha cuestión menor pois ela xa viaxou como estranxeira, desprazándose non só no espazo, senón no tempo, xa que na nova república cubana estaba a vivirse un fondo cambio de época a grande velocidade, baixo o interese e a influencia económica e política do imperio norteamericano que quitou bo partido deste proceso.

Daquela, o progreso material, o acceso a bens de consumo, modas, ideas e ideais liberais, non tiña nada a ver co que ela aprendera aquí. Como documentou a xornalista e investigadora cubana, Violeta Ramos, Andrea estudara maxisterio na Escola Normal da Coruña en 1893, cando en territorio peninsular a ensinanza para as mulleres estaba restrinxida⁹, non podían facer estudos universitarios e era case unha utopía a instrución pública e atención social para a poboación en xeral, pero cunha carencia extrema no caso das mulleres. Velaí algunhas das grandes eivas que padecía a sociedade galega da época logo dun século XIX onde se viviran altibaixos e conflitos derivados da ambición de progreso, fronte a resistencia das instancias de poder dun imperio decadente, coa pegada que deixara a permanencia da Inquisición ata ben entrado o século. Vén a colación a frase iluminadora de José Martí cando dicía que o pobo cubano quería a independencia de España, non dos españois¹⁰, idea que compartiran Curros Enríquez, Eduardo Chao, ou posteriormente Fuco Gómez ou os Irmandiños.

Convén recordar este contexto para atoparlle sentido aos cambios que se produciron na nosa colectividade en Cuba, territorio cobizado séculos atrás polo imperio británico dada a situación xeoestratéxica de privilexio para o comercio de materias primas, e para as comunicacións con todo o continente americano e con Europa. É un momento en que a ciencia e a tecnoloxía aceleran os procesos e os cambios nos costumes. Os avances tecnolóxicos, como o vapor, trouxeron facilidades para os desprazamentos co conseguinte intercambio de coñecementos e tamén das ideas que se expandiron pola vía da prensa nun auténtico século de ouro.

O intercambio deses novos principios e a circulación de persoas, producía un cambio social inevitable.

⁹ Non foi ata o curso 1913-1914 cando se matricularon por primeira vez mulleres na Universidade de Compostela. As irmás Elisa e Jimena Fernández de la Vega Lombán finalizaron os estudos de Medicina con brillantes expedientes.

¹⁰ Pérez-Galdós Ortiz, V. (24 de xullo de 2015). José Martí y su visión acerca de España y el pueblo español. *Habana Radio*. (<http://www.habanaradio.cu/articulos/jose-marti-y-su-vision-acerca-de-espana-y-el-pueblo-espanol/>)

É preciso percibir as diferenzas notables entre a situación que se vivía na vella España e na nova América, xa independente na súa totalidade, pero con outro xoven imperio á procura do dominio continental. É a época na que os Estados Unidos de América impón á nova constitución cubana a que pasou á historia como Emenda Platt, pola que «Cuba acepta que Estados Unidos se reserve o dereito de intervir co fin de garantir a independencia cubana e o mantemento dun goberno adecuado para a protección da vida, a propiedade e a liberdade individual». Coa conivencia das burguesías crioulas, consolidábase así por lei un novo xeito de colonialismo centrado na economía a diferenza da anterior que, sen deixar de selo, sementara un legado cultural equiparable ao que había na metrópole: universidades, institucións, lingua, cultura...

Contexto ideolóxico e social

Naquel escenario de cambios en Cuba, as galegas, os galegos, aceptaron as bonanzas do progreso, pero mantiveron o mellor da súa tradición e da súa ética colectiva como pobo e como sociedade. Para entendermos que novos fundamentos inflúen no modelo do Plantel educativo do Centro Galego, das Sociedades de Instrución, ou na creación de institucións socio sanitarias como La Benéfica, ou, posteriormente, *Hijas de Galicia*, atévome a facer algunhas propostas. As ideoloxías progresistas (liberais) do XIX, sobre todo na segunda metade, xiran arredor da procura da liberdade: a liberdade política das colonias, o abolicionismo da escravitude, a vindicación das mulleres, os novos dereitos de cidadanía e os dereitos sociais, nomeadamente á instrución. En todas elas atopamos a Concepción Arenal, a intelectual hispana con maior proxección universal do seu tempo, citada e convocada nos principais encontros, congresos e conferencias da segunda metade do século, e recoñecida pola súa visión moderna e anticipada de futuras sociedades interclasistas, onde a raza, o patrimonio, a orixe ou o sexo, non podían xustificar a inxustiza. Neste contexto é máis que evidente o influxo do pensamento, doutrina, e do exemplo da súa propia vida que deixou Concepción Arenal, a ferrolá con raíces santanderinas que revolucionou de xeito definitivo os marcos e os conceptos do que chegaría a ser un novo modelo social.

Cando Andrea López Chao estudaba na Coruña, aínda estaba moi presente o labor de Arenal na cidade --e a súa complicidade con Juana de Vega-- polo seu traballo como visitadora dos cárceres de mulleres, pola súa vindicación da instrución para as clases menos poderosas, e sempre referenciando e citando, expresamente, ás mulleres, mesmo cando non se coñecía nin se esperaba este fenómeno recente da linguaxe inclusiva. “A muller do Porvir” é un exemplo máximo, tamén coherente co que era o feminismo da época onde non se negaba as mulleres o seu papel como esteo da familia, senón que se pedía respecto, recoñecemento e facilidades para poderen cumprir co que se consideraba a súa misión. A democracia era un fenómeno recente e a vindicación do sufraxio universal demorou aínda, mais a demanda de instrución para as mulleres era clarísima, previa e definitiva.

O maxisterio de Concepción Arenal e José Martí

Andrea López Chao asumiu a vindicación educativa como unha misión persoal. Sábese que ela propuxo darlle o nome de Concepción Arenal ao Plantel de ensinanza do Centro Galego e pouco despois ao Hospital e ao Balneario *Hijas de Galicia*. Dá testemuña desta devoción nas súas memorias¹¹, unha das súas esgrevias alumnas, Antía Cal, ao evocar cando ao comezo das clases, a directora daba “unha longa e prolixa explicación sobre Concepción Arenal”, nun espazo presidido por un impresionante óleo da pensadora que hoxe padece unha penosa situación¹². Esa herdanza, rematou nada menos que no seguimento daquel modelo de ensino que a grande pedagoga nada en Cuba, de orixe de Muras, levou adiante coa súa escola viguesa, nos anos 60, que quixo chamar Concepción Arenal, e finalmente chamou Rosalía de Castro. Foi exemplo de pedagogía moderna, inclusiva, internacionalista desde un galeguismo insoslaible, mixta, e trilingüe galego-castelán-inglés, pero sobre todo, situaba as nenas e os nenos no centro da preocupación “para formalos como seres libres”. A este respecto recomendo a tradución que fixo Neira Vilas de *La Edad de Oro*, a revista que publicara José Martí durante o seu exilio norteamericano. Dicía no limiar: “Para os nenos é este periódico. E para as nenas, porque elas son as que saben querer. Porque eles son a esperanza do mundo”.

Considero que estas ideas estiveron no pensamento e na acción de Andrea López Chao de quen se debe analizar o seu labor e o seu discurso contextualizando o que significaba naquel tempo remoto. Supuxo poñer á colectividade galega na vangarda cubana das sociedades comprometidas co progreso e coa igualdade, a fraternidade, a solidariedade e o compromiso. E fíxoo sen pretender pasar por intelectual, catedrática, ou activista feminista. Sinxelamente traballou arreo por estes ideais.

Mais non só. Segundo Uxío Breogán Diéguez¹³, *Hijas de Galicia* apoiou a causa da segunda república cando, coa denominación de *Unión Democrática Hijas de Galicia*, e xunto coa *Hermandad Gallega*, organizaron en febreiro de 1939 a homenaxe de despedida a Castelao na súa primeira xira por Cuba. Posteriormente prodúcese unha etapa de achegamento ao galeguismo coa Sociedade Protectora Hijas de Galicia da que foi vicepresidenta Jesusa Prado López, probablemente entre a década de 1940 e 1950. Ourense, política comunista, e sindicalista da UGT, naquela altura Jesusa Prado foi tamén vicepresidenta do xuntoiro do xornal nacionalista Patria, editado en Cuba. O grupo afín ao xornal, e

¹¹ Cal Vázquez, A. (2006) Este camiño que fixemos xuntos. Vigo: Galaxia.

¹² A investigadora e xornalista galega-cubana, Violeta Ramos, localizou nos arquivos do Instituto de Literatura e Lingüística de La Habana en xuño deste ano o óleo, nun deficiente estado de conservación. Recrea unha fotografía (dagerrotipo) de Concepción Arenal que preside as instalacións de La Benéfica, mais cunha paisaxe ao fondo que semella a Ría de Vigo coas illas Cíes ao fondo.

¹³ Diéguez Cequiel, U. B. (2014). *Nacionalismo galego, desarticulación, resistencia e rearticulación 1936-1975*. (Tese de doutoramento). Universitat de Barcelona.

máis concretamente o seu director, Fuco Gómez e a súa compañeira, Amelia Rivas, tiñan unha presenza influente no ámbito da Sociedade de Beneficencia de Naturais de Galicia e na Sociedade Hijas de Galicia, das que farían parte un e outra, respectivamente, desde a súa creación.

Krausismo e Protofeminismo

A experta en Concepción Arenal, Celia Pereira Porto¹⁴, advertía en 2007 que “un elemento esencial para comprender tanto a súa vida como a súa obra constitúeo a súa proximidade ao ideario liberal e krausista; malia a orixinalidade do seu pensamento destacan esas influencias, que tamén tiveron un papel importante no plano afectivo a través do seu contacto con destacadas personalidades liberais da época...” Daquela, un dato a considerar é a correspondencia cos ideais masónicos do krausismo da Institución Libre de Enseñanza de Giner de los Ríos, e compre ter en conta que e o seu pai, militar liberal axustizado a principios do XIX, fora masón.

María José Lacalzada¹⁵ lembra que o feminismo “no seu período formativo en España no S. XIX, non persigue -aínda- o sufraxismo senón a liberdade de pensar e a instrución feminina para empregos medios e o acceso a unha educación laica (.../..) Concepción Arenal se atopaba entre a minoría que sostivo daquela o mesmo discurso en España en evidente sintonía con círculos masónicos e reformistas europeos”. Nese contexto, hai indicios dunha posible colaboración de Concepción Arenal co proxecto do *Instituto femenino Las hijas del sol*, unha relevante sociedade de inspiración masónica que se considera fundamental nos comezos do feminismo en territorio español. O Instituto inspirou a súa organización nas “decenas” utilizadas por Concepción Arenal nas Conferencias de San Vicente de Paul: “diez Hijas del Sol, reunidas, constituirán unha Constelación, dez Constelacións un Sistema, dez Sistemas unha Zona e dez Zonas, un Ceo”. Outro dato a considerar para aventurar algunha proximidade entre a ideoloxía que puido inspirar a creación de *Hijas de Galicia* e a masonería semella estar na denominación idéntica a das loxas, nomeadamente as femininas.¹⁶

¹⁴ Pereira Porto, C. (1 de xaneiro de 2007). Concepción Arenal Ponte. *Álbum de Galicia*, Consello da Cultura Galega. (<http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=193>). Recuperado o 14/08/2023.

¹⁵ Hijas del Sol, Madrid 1872; Hijas del Progreso, Madrid 1889; Hijas de la Virtud, Alicante 1883; Hijas de la Acacia, Valencia 1889; Hijas de la Unión, Vakebcua (Valencia) 1892; Hijas de la Regeneración, Cadiz 1895; Hijos del Progreso; Hijos de Riego; Hijos de la Humanidad ou Hijos del Trabajo. En Cuba: Hijas de la Libertad, 1891; Hijas de Yara, 1892; Hijas del Progreso, 1895; ou Hijas de la Acacia, 1937 e activa aínda na actualidade. Ou tamén HIjas de Osiris, en Arxentina, 1895.

¹⁶ Lacalzada de Mateo, M. J. (1994). *La otra mitad del género humano*. Madrid: Atenea. Na súa obra en la panorámica vista por Concepción Arenal indica que o feminismo posibilista promovido pola *Ligue pour le Droit des Femmes* en 1882, non era sufraxista, pois que “a emancipación se situaba no exercicio dos dereitos civís á espera dos políticos, os dereitos dentro do matrimonio, a incorporación progresiva á vida cívica, a mesma moral para ambos os sexos, abolir a prostitución, dereito a desenvolver as capacidades polo estudo sen máis límites ca a intelixencia ou a vontade, libre acceso a toas as carreiras, igualdade de retribución polo traballo...”

A conexión feminista Galicia-Cuba

Para o historiador José Manuel Castellano "a muller, a nai e a esposa constituían un elemento fundamental para transmitir os principios básicos da cultura as crianzas. Era o limiar, quizais, para que algún día puidese "dispoñer" deles e de si mesmas"¹⁷. As cubanas acadaran o dereito ao voto na década dos 30, pouco despois que en España, mesmo que a vindicación era anterior en ambos os casos. Ata entón, non lles eran recoñecidos os dereitos de cidadanía por si mesmas. Para que as vindicacións feministas arraigasen e o dereito ao sufraxio prosperase, era preciso garantir a formación das mulleres, polo xeral de extracción social feble, para que puidesen pensar por si mesmas. Daquela, a educación debía ser o primeiro chanzo para a súa emancipación e por iso foi tan importante o legado de Concepción Arenal. Tan fundamental. Tan cómplice. E este plantexamento está no fundamento do discurso de Andrea López Chao no I Congreso de mulleres cando fai fincapé na familia e "no poder de educar" das mulleres¹⁸. O mesmo que propugnaba naquela altura en España a relevante xornalista e escritora masona e feminista Carmen de Burgos (Colombine)¹⁹.

De certo, o papel de Andrea nos tres congresos feministas de Cuba debeu ser relevante, como se deduce do feito de que *Hijas de Galicia*, con ela de vicepresidenta 2ª, fose parte das 31 asociacións que integraron en 1923 o grupo organizador do primeiro, no que fixo o seu famoso discurso como voceira da Sociedade. Tamén é salientable que os tres congresos se celebraran no Centro Galego, no que debeu ter algo que ver a súa influencia como directora do Plantel. Hai que considerar que o Centro Galego non tiña vencellos co movemento feminista e mesmo existía a disputa interna con *Hijas de Galicia* polo feito de non poderen elixirse mulleres para os máis altos cargos directivos.

O segundo congreso, en 1925, entra xa de cheo no tema clave da prostitución cunha memorable intervención de Filo Vidal, en nome de Hijas de Galicia para "defender a necesidade de axudar ás mulleres emigrantes sen distinción da súa orixe nacional ou rexional"²⁰. Semella certo que o fito extraordinario de incorporarse a trata e tráfico das inmigrantes na axenda das feministas cubanas, deuse nun espazo galego de enorme proxección local e, mesmo, internacional. O movemento feminista cubano esmoreceu durante a

¹⁷ Castellano Gil, J. M. (1996). Españolas al otro lado del Atlántico. En *La masonería española en Cuba* (pp. 256-158). La Laguna: Centro de la Cultura Popular Canarias.

¹⁸ A muller moderna e os seus dereitos (1927) considérase un precedente de *El Segundo sexo* de Simone de Beauvoir (1949). Carmen de Burgos está entre as xeracións de Concepción Arenal, Concepción Gimeno de Flaquer, ou Emilia Pardo Bazán e a de Clara Campoamor, Margarita Nelken, Federica Montseny ou María de Lejárraga,

¹⁹ Discurso pronunciado por Andrea López Chao no I Congreso Nacional de Mujeres, celebrado na Habana entre o 1 e 6 de abril de 1923. Fonte: *Eco de Galicia*, 22 de abril de 1923. (http://culturagalega.gal/album/docs/86_01.pdf)

²⁰ Galegas en Cuba. Hijas de Galicia. (<https://acorunhadasmulleres.gal/galegas-en-cuba-hijas-de-galicia/>)

ditadura de Machado e reviviu na fin da súa etapa presidencial cun terceiro congreso que, en 1939, tamén se celebra no Centro Galego.

No feminismo cubano houbo divisións no decurso deses anos, pero sempre foron recibidas no Centro Galego, probablemente porque Andrea López Chao era unha aliada, non cun sector ou con outro, senón co feito en si mesmo. Debeu apoiar desde atrás, sen protagonismo para ela, cunha prudencia comprensible dada a súa posición na colectividade tempo como directora no Centro Galego do seu Plantel de Ensinanza. Non xogou a significarse politicamente, non tiña “padriños”, era viúva e nai de menores de idade, e todo fai supoñer que fose discreta a mantenta. Andrea López Chao falou naquel I Congreso desde a súa posición como docente, dun tema no que era unha autoridade: a educación, que reclamaba como un dereito e unha obriga no seo da familia, o que implicaba poñer en valor o papel das nais. Eu atrévome a afirmar que ela andou entre as bambolinas, si ou si. O grande mérito de Andrea López Chao foi situar a Concepción Arenal no punto de mira do traballo que puido facer desde a súa posición de poder. Por iso nomeou as grandes institucións docentes e sociais da galeguidade cubana co nome da intelectual e activista, e seguir a súa doutrina foi toda unha declaración de principios.

O mérito do pobo

Velaí como o que está a acontecer en Mondoñedo marca o comezo de algo maior.

Como dixo Arantxa Fernández Crespo “non é só o himno, a bandeira e a Real Academia, senón que unha gran parte da mentalidade do feminismo en Galicia tamén nace en Cuba”²¹. Por iso é xusto -e necesario- colocar no seu Mondoñedo natal a Andrea López Chao nun lugar de honra. Será o principio para expandir este recoñecemento e colocalo na historia das migracións, do feminismo, e de Galicia. Ao poñermos o foco en Andrea, ábrese unha porta para todas as que seguen a ficar ocultas.

E ogallá houbera moitos Mondoñedo desde onde poder facelo, porque TODAS merecen o seu lugar, pero só Andrea, nestes intres, ten detrás a todo un pobo.

Dixen.

²¹ Carbajales, E. (5 de abril de 2023). Arantxa Fernández: “Una gran parte de la mentalidad de feminismo en Galicia también nace en Cuba”. *Crónicas de la Emigración*. (<https://www.cronicasdelaemigracion.com/articulo/galicia/arantxa-fernandez-gran-parte-mentalidad-feminismo-galicia-tambien-nace-cuba/20230405144544113687.html>).